


Datos moi importantes antes de comezar:

- **Son actividades para facer en familia.** Polos ingredientes e procedementos dalgúns experimentos debemos estar baixo a vixilancia de adultos.
- **O máis importante é desfrutar do proceso.** Non pasa nada se o resultado non é satisfactorio, só é unha oportunidade máis de activar o noso razoamento lóxico e pensar en que puido saír mal e como se pode solucionar. Se considerades que non ten solución, sempre podedes comezar de novo cambiando os aspectos que consideredes oportunos. Imaxinación ó poder!!
- **CONSELLO:** se ides usar colorantes recomendamos os que son líquidos. Se tedes os que son tipo xel é mellor que os disolvades en auga primeiro.



A DIVERTIRSE!!!

OVO DE GOMA

Queres ver como rebota un ovo? Vai á despensa e colle:

Vinagre

1 ovo

Tarro de cristal con tapa



Este experimento é do máis sinxelo, só hai que encher o tarro de vinagre, introducir o ovo e pechalo ben. Agora hai que ter un pouquiño de paciencia, xa que temos que esperar 48 horas para ver o ovo de goma e incluso facelo rebotar. Pasado ese tempo, podes sacar o ovo con coidado e limpar amodo os restos de casca. Comeza botando o ovo a pequena altura para ver como rebota e vai aumentando a altura ós pouquiños. Chegará un momento no que o ovo escache, así que faino rebotar no vertedoiro, nunha fonte ou un prato para non manchalo todo.

CONSELLO: Se observas o ovo cunha lanterna podes ver como a xema segue flotando.

Que lle pasou a casca do ovo? Foise desfecendo pouco a pouco. Seguro que ó botar o ovo no vinagre comezou a facer burbullas, verdade? Esas burbullas son dióxido de carbono e prodúcese cando o ácido do vinagre entra en contacto co carbonato cálcico que forma a casca do ovo. Pero o vinagre non reacciona coa membrana que protexe ó ovo, por iso seu interior segue intacto.

MASA SENSORIAL MAXICA

Para este experimento tan chulo so precisamos 3 ingredientes:

Maizena (2 partes)

Auga (1 parte)

Colorante (opcional)



Podemos usar un vaso como medida. Botamos as dúas partes de maizena cunha parte de auga nun bol ou nunha fonte e engadimos colorante ó gusto. Agora debemos mesturar ben, se notas que a masa estase pegando ó bol, non te preocupes, iso é que che está a saír perfecto. Chegou o momento de arremangarse e ensuciarnos un pouco. Esta masa é tan especial porque cando a apertas é sólida e cando a soltas faise líquida.

CONSELLO: Se notas que a masa non se solidifica o suficiente podes engadir unha parte máis de maizena.

Déixovos un vídeo para que vexades o especial que é esta actividade :

<https://www.youtube.com/watch?v=GOyWKL-r24Y>

XEO INSTANTANEO

Queres ver medrar unha torre de xeo?

So imos precisar:

Botella de auga

Xeo



Este experimento tamén require paciencia, xa que temos que encher a botella de auga e metela no conxelador durante dúas horas e media, ten coidado de non pasarte de tempo, pois se a auga chega a xearse xa non podemos facer o experimento. Pasado ese tempo sacámola con moito coidado e moi amodo, se o facemos demasiado rápido as partículas comezan a chocar e a auga xease. Nun prato ou nunha fonte teremos un pouco de xeo, abrimos a botella e botamos auga enriba do xeo, pero recorda ir amodo.

A auga que cae enriba do xeo debería xearse, facendo que o xeo medre cara arriba e formando a nosa torre. Se non é así metemos outra vez a botella no conxelador e deixámola 20 minutos máis. Fai un segundo intento e se aínda non funciona volve deixar a botella no conxelador, e así sucesivamente ata conseguir a túa torre de xeo.

Espero que disfrutedes moito destes experimentos

Unha aberta familia